

ANUNCIO

NOMEAMENTO DUN FUNCIONARIO INTERINO ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS

Faise público que con data 28.03.2023 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 318/2023 cuxa parte dispositiva di:

“PRIMEIRO.- Aceptar o rexeitamento por causa xustificada, ao estar en situación de servizo activo noutras Administracións Públicas, de Xacobe Paz Salgado e Carlos Sobrino Suárez, de Aranzazu Ruiz Alarcón (coidado de familiares) que conservarán a súa posición ordinal dentro da listaxe de persoas aprobadas, ao igual que Carlos Docampo González que conservará a súa posición ordinal dentro da listaxe de persoas aprobadas no caso de achegar a xustificación no prazo de cinco días hábiles concedidos nos chamamentos efectuados.

SEGUNDO.- Nomear a Manuel López Alonso como funcionario interino para desempeñar temporalmente unha praza do grupo: A, subgrupo: A1, escala: administración especial, subescala: técnica superior, denominación: Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos; por acumulación de tarefas, por un prazo de dous meses prorrogables segundo as necesidades do Departamento, sen prexuízo de que con carácter previo se poida producir calquera outra causa de cese para o persoal funcionario interino prevista nos artigos 24 da LEPG e 10 do TREBEP.

TERCEIRO.- Requirir a Manuel López Alonso para que proceda a tomar posesión no prazo máximo de dous días hábiles a contar dende a publicación do seu nomeamento na web e taboleiro de edictos municipais, debendo achegar, con carácter previo, a seguinte documentación:

a) Declaración responsable na que fará constar e manifestará (sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, e por falsidade na dita declaración, puidese incorrer):

1. Aceptación expresa do nomeamento ou contratación, segundo proceda.
2. Seguir reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos, e acreditados, no momento de terse presentado ao proceso selectivo.

Exímeselle da presentación do resto de documentación establecidas nas bases do proceso selectivo por ter traballado neste Concello recentemente.

No caso de que no prazo sinalado non cumpra coa presentación da referida documentación (ou desta se deducira que non reúne os requisitos esixidos) ou ben non proceda na data sinalada á incorporación/toma de posesión, entenderase que renuncia/desiste dos seus dereitos inherentes, de tal xeito que non se procederá á súa efectiva incorporación e a Alcaldía propondrá e resolverá a incorporación do/a aspirante que ocupe a seguinte posición ordinal na listaxe; e ademais, agás que poida acreditar, documental e fidedignamente, causas/razóns de forza maior que xustifiquen o dito incumprimento, pasará a ocupar o último lugar da listaxe.

Así mesmo, pasará a ocupar o dito último lugar da listaxe, no caso de que proceda a renunciar ou desistir do posto de traballo unha vez aceptado expresamente o nomeamento e antes de proceder á efectiva toma de posesión.

CUARTO.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

C.I
.F.:
P-
15
03
60
0-
C



Os prazos cóntanse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web do concello.

QUINTO.- Dar traslado desta resolución aos departamentos de persoal e intervención, así como á Xunta de Persoal e ao Comité de Empresa."

En Fene, asinado dixitalmente o 28.03.2023 polo Sr. alcalde, Juventino J. Trigo Rey.

